

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 24 DE XUÑO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2024/25.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Decreto polo que se aproba a creación da Facultade de Ciencia, Tecnoloxía e Xestión da Saúde da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE).

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de trescentos mil noventa e un euros (300.091,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de consolidación do I Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, por importe total de noventa e cinco mil euros (95.000,00€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Acordo polo que se somete a consulta pública previa a elaboración do anteproxecto de Lei de administración ambiental simplificada.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2024/25 e se procede á súa convocatoria. Importe: corenta e cinco millóns setecentos dezaseis mil setecentos oitenta e dous euros (45.716.782,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual e establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria. Importe total: quince millóns oitocentos nove mil cincocentos corenta e un euros con vinte e catro céntimos (15.809.541,24€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración entre o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e vinte concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento da construción/reforma e/ou ampliación de centros de día/residencias de maiores, en desenvolvemento do Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration EU, nos exercicios 2024 e 2025. Importe total: dezoito millóns cincocentos vinte mil euros (18.520.000,00€).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto Cobre San Rafael de extracción de cobre, rehabilitación de pasivos ambientais e xeración de sinerxías económicas, nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido por Cobre San Rafael, S.L.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento base de licitación de dezanove millóns seiscentos trece euros con trinta e cinco céntimos (19.000.613,35€) e un valor estimado de quince millóns setecentos dous mil novecentos oitenta e seis euros con vinte e catro céntimos (15.702.986,24€).
- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 38 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela M-IVA-10 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación de oito millóns cento sesenta e dous mil novecentos noventa e nove euros con catorce céntimos (8.162.999,14 €), IVE incluído, e un valor estimado de sete millóns catrocentos vinte mil novecentos oito euros con trinta e un céntimos (7.420.908,31€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Lobios para a execución das obras de urbanización de rúa na Vila e praza de Santo Antonio en Puxedo, por un importe de cento sesenta e nove mil trescentos tres euros con cincuenta céntimos (169.303,50€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Cartelle, para a execución das obras de humanización da praza de Picoutiños, no lugar de Nogueiró, por un importe de cento oito mil trescentos corenta e dous euros con oitenta e tres céntimos (108.342,83€).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción dun novo centro de saúde, feita a título gratuito polo Concello de Becerreá a favor do Servizo Galego de Saúde.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual, a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2024-2026, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2024-2025, por un importe total de setenta e seis millóns de euros (76.000.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación Sende para levar a cabo o proxecto Ficar de emprendemento e coliving para asentar poboación no rural galego, integrado no Plan anual de traballo 2024 do centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (COEGALd015), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – Next Generation EU.

### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se toma razón da campaña de promoción e difusión do consumo dos produtos pesqueiros e acuícolas galegos.
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas para o fomento da innovación, mellora tecnolóxica e competitividade no sector da acuicultura.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto de glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia (Neda).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Plan de inspección de servizos sanitarios para o período 2024-2027.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Informe sobre o CulturON de Galicia 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á MATRÍCULA GRATUÍTA PARA OS ESTUDANTES DE GRAO UNIVERSITARIO E DE ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES A PARTIR DO PRÓXIMO CURSO

- Rueda resalta a prioridade do Goberno galego de “garantir a igualdade de oportunidades” e lembra que Galicia foi “pionera na conxelación de taxas universitarias hai 13 anos”
- Galicia convértese na “única comunidade na que os alumnos que aproben poderán estudar unha carreira totalmente de balde se cumpren os requisitos”
- Terán matrícula de balde todos os que inicien estudos en primeiro curso, así como os de segundo e posteriores cursos que superen unha porcentaxe de créditos entre o 65% e o 90%, segundo a área de coñecemento
- A maiores, as taxas de máster continuarán conxeladas para o conxunto do alumnado, ao igual que as de grao para aqueles que non cumpran con requisitos da gratuidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, indicou hoxe que o Consello de Goberno vén de dar luz verde á “gratuidade da matrícula para os estudos de grao universitario, así como para os de ensinanzas artísticas superiores (Música, Arte Dramática, Deseño e Conservación e Restauración de Bens Culturais) en centros públicos galegos”, tanto no caso de novo ingreso como no de continuidade de estudos, unha medida que será aplicable para o próximo curso e coa que, ademais, se cumpre un “compromiso adquirido para os primeiros 100 días de goberno”.

Así pois, as familias cuxos fillos e fillas inicien por primeira vez estudos de grao universitario ou de grao en ensinanzas artísticas superiores o próximo curso terán bonificado o prezo da matrícula, o que contribúe, tal e como indicou Rueda, “a garantir a igualdade de oportunidades”, ao mesmo tempo que lembrou que Galicia foi “pioneira na conxelación de taxas universitarias hai 13 anos”.

O Consello ratificou hoxe os dous decretos de prezos públicos a través dos cales se implanta esta acción que, na práctica, blindará que todos os universitarios e estudantes de ensinanzas artísticas superiores que aproben teñan asegurada a matrícula gratuítala ao longo de toda a súa carreira universitaria desde a primeira chamada para a matrícula de xullo en diante. Isto converte a Galicia na “única comunidade autónoma na que os alumnos que aproben poderán estudar unha carreira totalmente de balde se cumpren os requisitos”.

#### **Bonificación do 99%**

No que atinxe aos estudos de grao, todo o alumnado de novo ingreso obterá unha bonificación equivalente ao 99% da matrícula para iniciar os seus estudos nas tres universidades públicas galegas ou nun centro público galego de ensinanzas artísticas superiores. Isto supón que os alumnos que cumpran os requisitos tan só aboarán o 1% do custo da matrícula, o que se traduce nunha cantidade simbólica de 7,1 euros ao ano de media como taxa. É dicir, 0,6€ de media ao mes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para iso, deberán cumprir co requisito de ter superado a ABAU nas convocatorias de 2024 ou ben as probas específicas para maiores de entre 25 e 45 anos organizadas pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), ou ter superado un ciclo formativo de grao superior no curso 2024.

No caso do alumnado de continuidade de 2º curso en diante, deberá ter cursado estudos de grao en Galicia no curso 2023/24 e matricularse no curso 2024/25 na totalidade dos créditos correspondentes ás materias previstas para o curso de que se trate, nunha das tres universidades públicas galegas.

A maiores, deberá ter superado as porcentaxes de créditos matriculados, algo que varía segundo a área de coñecemento: 90% dos créditos para as áreas de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas, 80% para Ciencias da Saúde e 65% para as de Ciencias e Enxeñaría e Arquitectura.

### **Continuidade na conxelación das taxas**

Doutra banda, para aqueles alumnos universitarios que non cumpran cos requisitos de gratuidade, o decreto aprobado hoxe tamén ratifica de novo a conxelación das taxas de grao e máster para o vindeiro curso, co que Galicia levará 14 anos consecutivos coas taxas universitarias conxeladas. Así pois, todos os alumnos que cursen un máster universitario e aqueles que cursen un grao e queden excluídos da gratuidade por non cumpriren os requisitos aboarán un prezo medio de 11,89€/crédito,

Deste xeito, Galicia continuará a ter a universidade máis accesible de toda España, coa matrícula de grao gratuítas e os másteres máis baratos do Estado. "O que queremos é premiar e estimular o esforzo do alumnado", asegurou Rueda.

### **Ensinanzas artísticas superiores**

Así mesmo, o alumnado de ensinanzas artísticas superiores tamén se beneficia da gratuidade da matrícula destes estudos que, no caso dos de novo ingreso, deberán ter superado as probas específicas de acceso en Galicia. Quedan exentos deste requisito os que acceden directamente aos estudos superiores de Grao en Deseño ou en Conservación e Restauración de Bens Culturais sen necesidade de realizar a proba específica de acceso ao ter acadado un título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.

Para o alumnado de continuidade (de 2º a 4º curso), para optar á bonificación do 99%, requírese estar matriculado en curso completo nun centro público de Galicia no curso anterior e ter superado en primeira matrícula como mínimo o 90% das totalidade deses créditos.

Estas medidas aprobadas hoxe supoñen redobrar a aposta da Xunta de Galicia polo apoio ás familias coa gratuidade da educación para o alumnado desde que entra na gardaría, na etapa 0-3 anos, ata que remata os seus estudos universitarios, ao tempo que se fomenta a cultura do esforzo, premiando o interese, a dedicación e o bo aproveitamento académico.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **VISTO E PRACE Á CREACIÓN DA FACULTADE DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E XESTIÓN DA SAÚDE DA UNIVERSIDADE INTERCONTINENTAL DA EMPRESA**

Superou todos os trámites preceptivos, incluíndo o informe favorable do Consello Galego de Universidades

O Consello da Xunta aprobou hoxe a creación da Facultade de Ciencia, Tecnoloxía e Xestión da Saúde, atendendo á petición da Universidade Intercontinental da Empresa (UIE). Operará como un único centro universitario nos campus académicos que esta entidade privada ten nas cidades da Coruña e Vigo.

A Universidade Intercontinental da Empresa presentou a solicitude de creación da facultade tras aprobalo o seu padroado. O Goberno galego dá luz verde ao proxecto de decreto de creación deste centro unha vez que superou os trámites preceptivos, isto é, o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Asesoría Xurídica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e do Consello Galego de Universidades, no que participan tanto esta universidade privada como as tres universidades públicas galegas e os seus consellos sociais, entre outros.

As titulacións que oferte a facultade deberán someterse ao proceso de verificación previsto na normativa estatal e autonómica vixente en materia de titulacións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA REFORZA O SERVIZO DE ATENCIÓN AOS PEREGRINOS QUE CHEGAN A SANTIAGO CON MÁIS DE 300.000€**

O Consello autoriza un convenio para colaborar coa S.A.M.I Catedral de Santiago no funcionamento do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino de Carretas

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I Catedral de Santiago de Compostela para reforzar os servizos de atención e información aos peregrinos que chegan a Santiago de Compostela.

Cun investimento de de 300.091 euros, o convenio axuda a sufragar os gastos dos servizos xerais de limpeza, mantemento ou subministracións do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino -situado en Carretas- e tamén para o persoal que traballa nestas dependencias.

Este convenio dá continuidade ao apoio realizado pola Xunta de Galicia para o funcionamento da Oficina do Peregrino desde 2014 de xeito ininterrompido, cun investimento global de máis de 2,4M€ neste tempo. Enmárcase no traballo do Goberno autonómico recollido no Plan director dos Camiños de Santiago 2027 para reforzar a atención ao peregrino e dá resposta á positiva evolución da peregrinación que este ano está a medrar a un ritmo do 17% en canto aos que recollen a Compostela, que xa superan os 180.000 peregrinos.

Súmase, ademais, ao asinado recentemente tamén coa S.A.M.I Catedral de Santiago por máis de 1M€ para sufragar os gastos de persoal (vixilantes e servizos auxiliares) que realizará o conxunto catedralicio este ano para controlar e ordenar os accesos e fluxos de visitantes á Catedral de Santiago e á Oficina do Peregrino.

O antigo asilo da rúa de Carretas, que hoxe acolle a Oficina de Acollida ao Peregrino de Santiago, foi rehabilitado mediante un convenio de colaboración entre o Arcebispado de Santiago e a Xunta de Galicia. Desde entón recibe a diario os peregrinos que chegan á cidade a pé, bicicleta ou a cabalo. Dependente da Catedral de Santiago, ponse aquí o selo final nas credenciais do peregrino e expídese o certificado tradicional da peregrinación, a coñecida como Compostela.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA CONSOLIDAR O I PLAN ESTRATÉXICO DA REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO 2020-2030**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio co que se pretende mellorar a capacidade da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Xunta e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o proxecto de consolidación do *I Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030* e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

O Goberno galego achegará 80.000 euros distribuídos en dúas anualidades, isto é 40.000 euros neste 2024 e os 40.000 restantes o próximo ano, coa finalidade de mellorar as capacidades da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento (RGCUD), no marco dun acordo que contará tamén cunha achega de 15.000 euros por parte das tres universidades galegas nas dúas anualidades.

Así, nestes dous anos preténdese reforzar mediante esta colaboración a cooperación universitaria ao desenvolvemento (CUD) no que ten que ver coa súa visibilidade na axenda institucional, a consolidación deste ámbito no plan formativo das universidades, o impulso das actividades de voluntariado e participación social da comunidade universitaria en actividades relacionadas co ámbito da cooperación ao desenvolvemento e, en definitiva, impulsar a Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Cómpre lembrar que o Sistema universitario galego (SUG) conta cunha ampla experiencia en cooperación universitaria ao desenvolvemento en coordinación coa RGCUD, como se ten materializado en colaboración coa Xunta no apoio aos proxectos financiados nos últimos anos neste ámbito.

Ademais, as universidades galegas veñen traballando no reto de promocionar e difundir a Axenda 2030 nos campus universitarios, o que contribuíu a acadar maior impacto e visibilidade das tres universidades galegas de cara ao exterior e á sociedade.

No marco deste convenio tamén se abordará unha liña de acción que permita a mellora constante desde coñecemento da RGCUD por parte das comunidades universitarias das tres entidades. Deste xeito, preténdese consolidar a colaboración entre as universidades con entidades sociais e privadas vinculadas á cooperación. Ao mesmo tempo, búscase integrar a Axenda 2030 e os seus ODS nos plans de estudo de grao e posgrao e nos procesos de docencia universitaria. Desta forma, o obxectivo é definir unha folla de ruta

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para acadar un recoñecemento formal da comunidade universitaria vinculada a accións de desenvolvemento.

A Xunta colabora desde 2014 coa Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento, o que supuxo ata 2021 un investimento total de máis de 424.200 euros. Nese ano, o acordo dotado con 40.000 euros permitiu implantar este *Plan estratéxico da Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento 2020-2030*, que tivo continuidade en 2022 e 2023 cun novo convenio e agora se renova por outras dúas anualidades.

Nos últimos anos, a Xunta vén apoiando o esforzo das tres universidades galegas na creación, consolidación e fortalecemento dunha Rede galega de cooperación universitaria ao desenvolvemento, o que permitiu fortalecer as capacidades das universidades galegas como axente de cooperación, establecer un plan de formación continuo do seu persoal nesta materia e a identificación de proxectos, colaboracións e iniciativas de cooperación para o desenvolvemento nas que participan as universidades galegas, entre outros.

A cooperación galega recolle como obxectivo o fortalecemento da capacidade institucional dos axentes galegos de cooperación para un maior alcance das súas actuacións, para o cal apoia a súa formación, capacitación e fortalecemento. Entre os axentes galegos de cooperación as universidades teñen un papel destacado e que se está a potenciar nos últimos anos.

Doutro lado, o Plan anual da cooperación galega sinala a necesidade de seguir afondando na colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación, formación, sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento, e na aplicación da Axenda 2030, para o cal considerase a importancia de continuar co apoio á RGCUD e de convertela nun factor chave para situar o sistema universitario galego como axente relevante de cooperación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA UNHA LEI DE ADMINISTRACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA QUE ADAPTARÁ O MARCO NORMATIVO GALEGO AOS RETOS CLIMÁTICOS E REFORZARÁ A SEGURIDADE XURÍDICA DE PROMOTORES PRIVADOS E ADMINISTRACIÓNS**

- Informa de que o Consello autorizou esta mañá levar a cabo un procedemento de consulta pública previa antes de proceder á elaboración do anteproxecto lexislativo
- Galicia aspira a ocupar unha posición de vangarda entre as comunidades ao dotarse dun dos ordenamentos autonómicos máis modernos e innovadores de todo o país, en liña cos estándares de protección ambiental da UE e os obxectivos do Pacto verde
- Apostarase pola simplificación administrativa axilizando procedementos de autorización, licenza e avaliación, mellorando a coordinación entre os organismos implicados e revisando os instrumentos de prevención para eliminar os innecesarios
- Ángeles Vázquez indica que a lei contribuirá a clarificar o ordenamento xurídico ambiental e ofrecerá máis garantías aos promotores de actividades suxeitas a el, á vez que “previrá conflitos xudiciais interpretativos” sobre as diferentes normas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta impulsará a tramitación da Lei de administración ambiental simplificada de Galicia para actualizar o marco normativo autonómico vixente co dobre obxectivo de “adaptalo aos novos retos” en materia de clima e enerxía e, á vez, “reforzar a seguridade xurídica” que exixen tanto os promotores de actividades económicas suxeitas á intervención ambiental, como as administracións responsables da súa aplicación.

Para tal fin, o titular do Goberno galego informou de que o Consello autorizou á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a iniciar o procedemento de consulta pública previa, antes de proceder á elaboración do anteproxecto lexislativo, un primeiro paso que permitirá tamén coñecer a postura da cidadanía sobre a necesidade de abordar esta norma e facilitaralle unha canle de participación na súa redacción. Tal e como indicou a conselleira titular desta área, Ángeles Vázquez, a consulta estará dispoñible na web da Consellería “a partir de mañá e ata o mes de setembro”.

A decisión, como explicou a responsable autonómica, responde tanto á complexidade e dispersión das normas sobre avaliación e intervención ambiental que caracterizan este momento como á propia experiencia adquirida desde a aprobación no ano 1995 da Lei de protección ambiental de Galicia. “A convivencia de diferentes normativas xera incertezas e mesmo pode poñer en perigo proxectos que xa contaban con autorización”, asegurou.

Todo isto fai recomendable revisar o marco normativo da protección ambiental a nivel autonómico e substituílo por unha nova lei que sistematice, actualice e integre os distintos instrumentos de prevención das actividades económicas suxeitas a control pola súa propia natureza e de acordo cos novos retos sociais e ambientais —sobre todo, cos derivados dos obxectivos da transición climática— e co marco regulatorio comunitario e estatal vixentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, Ángeles Vázquez incidiu en que a Xunta aspira a situar Galicia nunha “posición de vangarda” respecto ao resto de comunidades e para iso quere dotala dun dos ordenamentos ambientais máis modernos e innovadores de toda España, seguindo os exemplos recentes de Euskadi ou Asturias, que aprobaron nos últimos anos normas propias de intervención neste eido.

Así, a futura lei galega garantirá que se cumpran os estándares de protección ambiental da UE, que foi a punta de lanza dos últimos avances do dereito ambiental, e irá en liña cos obxectivos do Pacto verde europeo, que pon no centro das políticas de desenvolvemento socioeconómico o obxectivo da neutralidade climática no ano 2050.

Para acadar estes obxectivos e de acordo coa tendencia a clarificar os procedementos administrativos, a nova lei simplificará algúns deles, sen prexuízo do rigor na análise dos proxectos e do mantemento dun alto nivel de protección ambiental que garanta sempre o máis estrito cumprimento do ordenamento comunitario nesta materia.

Apostarase pola axilización dos procedementos de autorización, licenza e avaliación ambiental, pola mellora da coordinación entre as administracións implicadas na tramitación, fomentando a colaboración de todas as partes, e por unha revisión da definición dos instrumentos de prevención e control ambiental –como a autorización ambiental integrada– que actualice o réxime dalgúns deles ou mesmo elimine os que se consideren innecesarios. Ademais, a norma aplicará o principio de que cada proxecto se someta a un único procedemento ambiental de autorización ou de comunicación previa.

### **Máis certeza e menos conflitividade**

Fronte á dispersión normativa e para acabar coas posibles causas que xeran inseguridade e mesmo poñen en risco certas actividades e proxectos unha vez autorizados, a futura lei buscará introducir unha maior claridade e certeza no ordenamento xurídico ambiental de Galicia, reforzando, deste xeito, a seguridade xurídica dos operadores suxeitos á intervención ambiental pola natureza dos seus proxectos e, tamén, a das administracións públicas que teñen que aplicar o referido marco legal.

Ademais, tal e como explicou a conselleira, grazas á integración nun só texto normativo dos diferentes instrumentos administrativos exixidos polo ordenamento vixente, a Lei de administración ambiental simplificada tamén permitirá “previr ou minimizar a proliferación de conflitos xudiciais interpretativos” sobre a aplicación das devanditas normas e, polo tanto, proporcionará a seguridade necesaria para o asentamento de actividades que requiren dunha avaliación.

“Seguiremos traballando para facer de Galicia unha terra atractiva para investir na que, como non pode ser doutro xeito e como ata o de agora, só terán cabida os proxectos que respecten escrupulosamente a lexislación en materia medioambiental”, manifestou Ángeles Vázquez.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONSOLIDA A GRATUIDADE NAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DE INICIATIVA SOCIAL E PRIVADAS PARA O 100% DO ALUMNADO NO PRÓXIMO CURSO**

Adianta que por primeira vez estes centros aplicarán, xa no 2025 e de cara ao curso 2025/26, os mesmos criterios de preferencia no acceso

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Executivo autonómico investirá 45,7 millóns de euros de fondos propios para consolidar a gratuidade da atención educativa en escolas infantís de iniciativa social e privadas para o 100% do alumnado de 0 a 3 anos no vindeiro curso 2024/25, unha medida na que Galicia é "pioneira" e que é "practicamente única a día de hoxe entre todas as comunidades autónomas".

Tal e como salientou Rueda, entre estes centros e os de titularidade pública, tanto os propios da Xunta coma os que dependen dos concellos, porase á disposición das familias preto de 32.000 prazas de balde, polo que, un curso máis, todos os nenos e nenas que acudan a estas escolas terán cuberta a atención educativa "en todas as escolas infantís de Galicia sexa cal sexa a renda da familia e sexan cales sexan as características da escola".

Con esta medida, Galicia aspira a reforzar a súa posición de liderado que xa ten na escolarización no primeiro ciclo de Educación Infantil en España cunha taxa do 56,4%, dez puntos por riba da media. A nosa comunidade foi pioneira na implantación da gratuidade, un proceso que iniciou no curso 2019/20 para as familias con dous ou máis fillos e que no curso 2022/23 se ampliou ao 100% do alumnado.

Segundo salientou o presidente da Xunta, esta nova orde de axudas ten como novidade que "por primeira vez todas as escolas de iniciativa social e privadas aplicarán os mesmos criterios de preferencia no acceso", dando prioridade ás familias con irmáns na escola, a fillos de traballadores do centro e a familias nas que traballan os dous proxenitores ou o proxenitor no caso de familias monoparentais. Isto aplicarase xa en 2025, para o acceso ao curso 2025/26.

#### **Anticipos das axudas**

Ademais, mantense o aboamento de tres anticipos ás escolas para axudas no mantemento da gratuidade. O primeiro deles será do 100% da cantidade correspondente ao período de setembro a decembro de 2024, para que os centros dispoñan da liquidez ao inicio do curso. O segundo anticipo será do 45% do importe da chegada e efectuarase a comezos de 2025 para o período de xaneiro a marzo e o terceiro, da mesma contía, para os meses de abril a xullo. O 10% restante aboarase ao remate do curso.

A convocatoria sairá proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e abrirase o día seguinte ao da súa publicación un mes de prazo para que os centros se acollan a esta

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medida. As escolas que obteñan o permiso de inicio de actividades con posterioridade á publicación terán de prazo ata o vindeiro 30 de novembro.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INCREMENTA UN 34% A ORDE DE AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E CREACIÓN DE NOVAS UNIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ, ATA ACADAR OS 15,8 M€**

A nova convocatoria abarcará o que queda de ano e todo 2025 e 2026, e permitirá dar continuidade ás unidades xa existentes e poñer en marcha doce novas

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde de axudas para consolidar e seguir estendendo por toda a comunidade a Rede galega de atención temperá, un servizo gratuito para as familias que é fundamental para dar resposta o antes posible ás necesidades de nenos de 0 a 6 anos con problemas de desenvolvemento ou risco de padecelos. A nova convocatoria que proximamente sairá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) abarcará o que resta de ano e todo 2025 e 2026, e contará cun orzamento de 15,8 millóns de euros, cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027.

Isto supón un incremento do 34% dos fondos destinados a este fin con respecto á anterior orde e permitirá aumentar o número de profesionais das unidades que atenden unha maior poboación. A través desta liña de achegas dirixida aos concellos e agrupacións de concellos darase continuidade ás unidades de atención temperá xa en funcionamento e crear doce novas. Coa creación das novas unidades, agárdase dar servizo a 5.000 nenos e ás súas familias en toda Galicia.

Nos últimos anos o Executivo autonómico deu un forte impulso á atención temperá. Desde 2009 ata o día de hoxe, Galicia pasou de ter só dúas unidades a 45 na actualidade e de cubrir unicamente 15 concellos a chegar aos 200 nestes momentos.

Ademais destes servizos de titularidade municipal, a comunidade dispón de recursos de atención temperá nos hospitais públicos e de tres unidades nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, que son xestionadas pola Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ASINARÁ ENTRE ESTE MES E O PRÓXIMO CONVENIOS CUNHA VINTENA DE CONCELLOS AOS QUE DESTINARÁ 18,5 M€ EN FORTALECER A REDE DE CENTROS DE MAIORES**

- Estes acordos terán carácter plurianual e enmárcanse no Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais de titularidade municipal
- Construiranse doce novas residencias, reformaranse outras seis, poranse en marcha catro centros de día e crearase un centro social e un centro integral con servizos de atención diúrna e residencial

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os 24 concellos beneficiarios do Plan de investimentos para fortalecer a rede de equipamentos sociais de titularidade municipal destinada ás persoas maiores. A través deste Plan, o Goberno galego pon á disposición dos entes locais 18,5 millóns de euros procedentes de fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia do programa NextGenerationEU.

Prevese que entre este mes e o seguinte se formalicen estes acordos, que permitirán a construción de doce novas residencias, a reforma ou ampliación doutras seis, a creación de catro novos centros de día, a posta en marcha dun centro social e o impulso dun centro integral con servizos de atención diúrna e residencial. Os importes concedidos ás administracións locais para sufragar os seus proxectos distribúese ao 50% entre os anos 2024 e 2025. Os concellos serán os encargados de contratar e executar as obras, así como de xestionar os centros.

As intervencións financiadas por este Plan de investimentos seleccionáronse de acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e en canto á súa localización: 16 están en localidades da provincia de Ourense, tres en municipios da Coruña, outros tres en Pontevedra e dous na provincia lucense. Esta proposta suporá un impulso histórico na mellora dos servizos para as persoas maiores que viven en concellos pequenos e de carácter rural, xa que se crearán 500 novas prazas públicas residenciais e outras 150 prazas públicas en centros de día.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta é a relación de concellos e proxectos beneficiados polo Plan, máis as contías dos convenios por anualidade:

CONCELLO	DESCRICIÓN PROXECTO	IMPORTE FINANCIAMENTO	ANUALIDADE 2024	ANUALIDADE 2025	TOTAL ANO 2024+2025
A Teixeira	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
Chandrea de Queixa	Reforma ou ampliación de Residencia	361.094,92 €	180.547,46 €	180.547,46 €	361.094,92 €
Os Blancos	Construción Mini-residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
Manzaneda	Reforma da Residencia municipal	304.865,85 €	152.432,93 €	152.432,93 €	304.865,85 €
Verea	Construción fogar residencial	728.712,00 €	364.356,00 €	364.356,00 €	728.712,00 €
Dozón	Construción de Residencia e Centro de día	1.500.000,00 €	750.000,00 €	750.000,00 €	1.500.000,00 €
A Bola	Reforma de Residencia	121.644,54 €	60.822,27 €	60.822,27 €	121.644,54 €
Toques	Construción Centro de día	283.324,87 €	141.662,44 €	141.662,44 €	283.324,87 €
Piñor	Construción residencia	1.199.849,09 €	599.924,55 €	599.924,55 €	1.199.849,09 €
Riotorto	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
Laza	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
A Gudiña	Construción fogar residencial	469.727,78 €	234.863,89 €	234.863,89 €	469.727,78 €
Trasmiras	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
Ramirás	Construción Centro de día	431.791,59 €	215.895,80 €	215.895,80 €	431.791,59 €
Fornelos de Montes	Construción fogar residencial	1.085.305,08 €	542.652,54 €	542.652,54 €	1.085.305,08 €
Avión	Reforma centro integral (vc, cd,resid)	200.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €
Sobrado dos Monxes	Construción Centro de día	348.572,37 €	174.286,19 €	174.286,19 €	348.572,37 €
A Peroxa	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Vilamarín	Construción centro de día	599.810,61 €	299.905,31 €	299.905,31 €	599.810,61 €
Boimorto	Reforma e ampliacion da residencia municipal	500.000,00 €	250.000,00 €	250.000,00 €	500.000,00 €
Crecente	Reforma ou ampliación de residencia	500.000,00 €	250.000,00 €	250.000,00 €	500.000,00 €
Abadín	Construción residencia	1.200.000,00 €	600.000,00 €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
Carballada de Avia	Construción centro social	285.301,30 €	142.650,65 €	142.650,65 €	285.301,30 €
		<b>18.520.000,00 €</b>	<b>9.260.000.-€</b>	<b>9.260.000.-€</b>	<b>18.520.000.-€</b>

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AFIANZA O SEU COMPROMISO CO IMPULSO DA INDUSTRIA GALEGA AO DECLARAR A INICIATIVA COBRE SAN RAFAEL COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO**

- Trátase dun proxecto mineiro, de restauración ambiental e desenvolvemento socioeconómico no rural que atraerá un investimento de preto de 200M€ e a creación de arredor de 400 postos de traballo e que se alíña cos novos modelos de minería responsable e sustentable da Axenda de impulso da minería sustentable 2030
- Prevé a extracción de piritas, áridos e cobre, este último catalogado pola Unión Europea como materia prima crítica polo incremento da demanda e as dificultades para aumentar a produción. Inclúe, ademais, un proxecto piloto denominado E-LIX que complementará a cadea de valor
- Convértese no oitavo proxecto industrial estratéxico e súmase así á planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, á fábrica de pneumáticos de Sentury e á planta de biofibra reciclada de Ence -as tres nas Pontes-; á planta de metanol verde de Forestal del Atlántico en Mugardos; á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei, á de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda e á planta de manipulación e envasado de peixe de Stolt Sea Farm en Rianxo

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como proxecto industrial estratéxico do proxecto de explotación Cobre San Rafael, impulsada pola empresa Cobre San Rafael SL nos concellos do Pino e Touro. A iniciativa contará cun investimento inicial de 195,7M€ e a creación de 394 postos de emprego directo.

O proxecto de explotación abarca unha superficie de 812 hectáreas, situadas esencialmente dentro da concesión de explotación San Rafael, outorgada no ano 1958, e a súa demasia, autorizada en 2011. A iniciativa presentada inclúe un proxecto mineiro ao explotar os recursos existentes; de restauración ambiental da zona degradada ao actuar sobre os pasivos ambientais herdados dos antigos períodos de actividade mineira nesa zona, e de desenvolvemento económico grazas á creación e mantemento de postos de traballo de calidade e a posta en marcha dunha serie de actuacións de fomento de sinerxías relacionadas coa acción social.

Así mesmo, o proxecto incorpora a instalación dunha planta solar fotovoltaica para autoconsumo sobre terreos degradados, coa que se evitará a emisión anual de 18.565 toneladas de CO<sub>2</sub>; unha de tratamento de xurros para a valorización e aproveitamento dos residuos que xeran as explotacións gandeiras dos dous municipios en que se sitúa o proxecto; a reforestación de espazos con especies autóctonas e a posta en marcha dun proxecto piloto denominado E-LIX, baseado na recuperación de metais a partir de concentrados de mineral, coa que se complementará a cadea de valor ao permitir a comercialización de cobre metal 99,999% no canto de concentrado de cobre. Cómpre subliñar que o E-LIX se alíña coa Lei de materias primas da UE de investir en investigación e innovación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os dereitos de concesión vixentes permiten a extracción de áridos, piritas e cobre. Este último mineral foi catalogado pola Unión Europea no ano 2023 como materia prima crítica polo incremento da demanda e as dificultades para aumentar a produción de maneira que, na actualidade, o 82% do cobre co que se traballa en Europa procede doutros países. Así as cousas, a redución das importacións de cobre e o fomento do autoconsumo responsable é outro dos beneficios que incorpora o proxecto atendendo ás directrices europeas actuais, ás que se suma a sustentabilidade, responsabilidade ambiental e impulso industrial que se fomentan desde a Axenda de impulso da minería sustentable 2030.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos-, mantendo as garantías técnicas, xurídicas e ambientais.

A planta cumpre cos requisitos para ser declarada proxecto industrial estratéxico, entre os que se inclúen superar o investimento mínimo de vinte millóns de euros, crear un mínimo de cen postos de traballo directos e complementar cadeas de valor que pertencen a sectores considerados estratéxicos e que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou que se integren no financiamento dos fondos Next Generation, como é o caso. Cómpre lembrar que a norma que regula a declaración dos proxectos industriais estratéxicos establece que se outorgarán a aquelas iniciativas que cumpran, cando menos, dous destes tres requisitos; neste caso, cumpre coa totalidade.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugardos, de Forestal del Atlántico; á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda, e á factoría de envasado e manipulación de peixe de Stolt Sea Farm en Rianxo. Estes oito proxectos declarados proxectos industriais estratéxicos suman unha mobilización global de 2.093M€ e máis de 4.000 empregos.

Ademais, coa entrada en vigor da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, a Xunta pon en marcha o Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, no que se incorporará este proxecto.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE VILAGARCÍA DE AROUSA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 19 M€**

- O Goberno galego iniciará nos vindeiros días a contratación da actuación para iniciala este ano, cun prazo de execución de 24 meses
- O edificio, que disporá dunha superficie construída de máis de 8.300 m<sup>2</sup>, formúlase con forma de dobre U, xerando dúas prazas abertas cara á cidade e cara ás vías
- Aumentárase o número de consultas con respecto ao actual centro de saúde e crearase unha sala de illamento, unha consulta do programa da muller ou unha sala pediátrica integral

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o seu visto e prace á contratación das obras do novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa.

A actuación, cuxa licitación autorizou hoxe o Goberno galego, suporá un investimento de máis de 19 millóns de euros.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar de xeito inmediato a contratación desta actuación, seguindo a encomenda da Consellería de Sanidade, co obxectivo de iniciala neste mesmo ano. As obras terá unha duración de 24 meses.

A autorización hoxe da licitación das obras corresponde coa construción do novo centro de saúde, que disporá dunha superficie construída de máis de 8.300 metros cadrados, formúlase con forma de dobre U xerando dúas prazas abertas cara á cidade e cara aos vías a que dá fronte, avenida da Mariña e rúa Elpidio Villaverde. Estas prazas, convenientemente orientadas e resgardadas, serven de zona de espera protexida e de antesala ao centro de saúde e do PAC, respectivamente.

Nos espazos das prazas sitúanse elementos de vexetación autóctona, cuxa disposición acondiciona os percorridos tanto peonís como rodados, de xeito que tanto o conxunto do edificio coma os espazos xerados arredor unan a zona do porto coa cidade.

A edificación contará cun peche lixeiro con celosías que filtran a luz e preservan a privacidade de cara ao exterior. Pola contra, as zonas de espera e áreas comúns do edificio acondiciónanse con espazos vidrados con control solar e madeira vista no interior, que confiren ao edificio un carácter máis amable e para os usuarios. No semisoto dispónse parte das instalacións ás que se accede por unha rampla na parte traseira.

Os terreos dispoñibles para a construción do novo centro de saúde sitúanse na avenida da Mariña -terreos portuarios da antiga comandancia- e foron postos á disposición da Administración autonómica grazas a un protocolo asinado entre a Xunta de Galicia, o Concello e Autoridade Portuaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As obras contan co financiamento do programa europeo Feder Galicia 21-27.


### Ampliación de consultas

O plan funcional establecido para o novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa prevé chegar ás 17 consultas de medicina xeral (3 máis que no actual centro de San Roque), outras 17 consultas de enfermaría (4 máis) e 5 tanto de pediatria como de enfermaría pediátrica (1 e 2 máis, respectivamente).

As instalacións contarán tamén con 2 consultas (unha máis en cada área) de farmacia, traballo social, matrona, odontoloxía, hixienista dental ou fisioterapia.

Ademais, o centro terá 5 consultas de docencia en lugar dunha como na actualidade, e incorporaranse áreas como a sala de illamento, a consulta do programa da muller, a sala pediátrica integral, as cabinas de tratamento e os vestiarios do ximnasio de fisioterapia ou as consultas médicas e de enfermaría, para que poidan acudir especialistas do hospital.

Plano do proxecto básico do novo centro de saúde e infografía :



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE 38 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BARRIO VIGUÉS DE NAVIA, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 8,2 M€**

- O Goberno galego licitará de xeito inmediato as obras destas 38 vivendas, con 70 prazas de garaxe e 38 rochos
- Trátase do sexto grupo de vivendas que a Xunta licita en San Paio de Navia, onde na primeira fase da ampliación se construíra un total de 259 vivendas, ao que se destinará un investimento global de preto de 51 M€
- O Goberno galego mantén o compromiso coa mellora da situación do mercado da vivenda, e a Estratexia de vivenda pública e protexida que, nesta lexislatura, duplicará o parque público ata as 8.000 vivendas e desenvolverá solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras para a construción de 38 novas vivendas de promoción pública en San Paio de Navia, en Vigo, no que a Administración autonómica investirá preto de 8,2 millóns de euros.

Trátase do sexto grupo de vivendas que a Xunta licita en San Paio de Navia. Os cinco primeiros grupos xa licitados suman un total de 163 vivendas, ás que agora se suman as 38 desta nova licitación.

A licitación desta nova actuación impulsada polo Goberno galego permitirá a construción dun edificio de nova planta para destinalo a 38 vivendas protexidas, con 70 prazas de garaxes e 38 rochos.

A nova promoción pública na cidade localízase na parcela M-IVA-10 dentro de San Paio de Navia, en Vigo. Esta parcela ten unha superficie aproximada de 1.297 m<sup>2</sup>, e é de forma rectangular con lixeira curvatura no tramo sur.

O inmovible organízase con 2 portais conectados no nivel da planta baixa, e ten 4 plantas altas e 3 tres plantas de soto.

Nas plantas soto sitúanse os garaxes, as instalacións e algúns dos rochos e na planta baixa están os 2 portais de acceso ás vivendas, así como o resto dos rochos, os locais comunitarios, as instalacións necesarias e a reserva de espazo para os residuos.

As plantas superiores destínanse a vivenda: na 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> hai 10 vivendas por planta e no ático hai 8 vivendas máis.

Xa no detalle, das 38 vivendas, 20 serán de 3 dormitorios e 18 de 2 dormitorios. A superficie das vivendas oscila entre os 72 e 79 m<sup>2</sup> das vivendas de 2 dormitorios e os 90 m<sup>2</sup> no caso das de 3 dormitorios. Haberá tamén dúas vivendas adaptadas a



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

persoas con mobilidade reducida, que estarán no ático e disporán de 3 dormitorios e unha superficie útil de 101 m<sup>2</sup>.

O proxecto cumpre o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras de xeito inmediato.

### **Aposta pola vivenda protexida en Vigo.**

Compre subliñar que o Goberno galego xa ten licitados os contratos para construír un total de 5 edificios con 163 vivendas de promoción pública, ás que se sumará a licitación das obras autorizadas hoxe para a construción destas 38 novas vivendas. Ademais, prevese a licitación da redacción dos proxectos doutros dous grupos cun total de 58 vivendas.

Todas estas actuacións se corresponden coas proxectadas na primeira fase da ampliación, para impulsar un total de 259 vivendas, cun investimento global previsto de preto de 51 M€.

Ademais, a finais do ano pasado comezaron as obras de urbanización do polígono 1 de San Paio, e co obxectivo de que estas vivendas poidan ser unha realidade o antes posible, desenvolveranse de forma paralela aos traballos construtivos dos edificios residenciais.

O Goberno galego mantén o seu compromiso de reforzar o parque residencial da cidade de Vigo, que é a de maior demanda de vivenda de toda Galicia.

Ademais, a Xunta continúa avanzando no seu compromiso da mellora da situación do mercado da vivenda, e na Estratexia de vivenda pública e protexida que prevé, nesta lexislatura, duplicar o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVENIARÁ CO CONCELLO DE LOBIOS A URBANIZACIÓN DA RÚA NA VILA E A PRAZA DE SANTO ANTONIO EN PUXEDO, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 170.000 EUROS**

- Trátase da mellora dun camiño que entronca cunha vía provincial, co obxectivo de humanizar a rúa e a praza mediante a mellora da pavimentación existente, mantendo a contorna de protección e os seus valores ambientais
- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70% do orzamento, preto de 119.000€, e contratará e executará as obras
- O Concello achegará o 30% restante, redactará o proxecto e realizará as xestións para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- Esta actuación é a cuarta comprometida no municipio ourensán ao abeiro do chamado Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade, como motores de dinamización
- A Xunta segue a traballar coas entidades locais na execución de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio co Concello de Lobios para a execución das obras de urbanización de rúa na Vila e praza de Santo Antonio en Puxedo, que suporán un investimento que rolda os 170.000 euros.

O Goberno galego, a través desta cooperación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70% do orzamento desta intervención, con preto de 119.000 euros, e contratará e executará as obras.

O Concello de Lobios achegará o 30% restante do custo das obras, preto de 51.000 euros, así como a redacción do proxecto das obras, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

A intervención obxecto da colaboración autorizada hoxe polo Executivo autonómico baséase na mellora dun camiño que entronca cunha estrada provincial na zona de Puxedo. O obxectivo é humanizar a rúa e a praza mediante a mellora da pavimentación existente.

Con esta intervención a contorna de protección mantén os seus valores ambientais, de modo que as actuacións que se levarán a cabo serán harmoniosas, integrándose os materiais, os sistemas construtivos e cromatismo. Ademais, na obra procurárase evitar movementos de terra que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal da contorna.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Cómpre lembrar que esta actuación é a cuarta comprometida no Concello de Lobios ao abeiro do chamado Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas.

Esta acordo enmárcase na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao se converteren en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CARTELLE PARA A HUMANIZACIÓN DA PRAZA DE PICOUTIÑOS, NO LUGAR DE NOGUEIRÓ, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 110.000 EUROS**

- O Goberno galego, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70% do orzamento, case 76.000€, e contratará e executará as obras
- A entidade local achegará o 30% restante, redactará o proxecto e realizará as xestións para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- O obxectivo das actuacións é acondicionar a praza de Picoutiños para que funcione como área recreativa e de esparexemento, fomentado a actividade social e cultural e tratando de convertela nun lugar apracible para os veciños do municipio
- Esta actuación é a quinta comprometida no Concello de Cartelle ao abeiro do chamado Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración co Concello de Cartelle para a execución das obras de humanización da praza de Picoutiños, no lugar de Nogueiró, cun investimento de preto de 110.000 euros.

En relación coas obrigas dispostas nesta colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70% do orzamento, preto de 76.000 euros, e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Cartelle achegará o 30% restante do custo das obras, algo máis de 32.500 euros, así como a redacción do proxecto, a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, e a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

O obxectivo desta colaboración é acondicionar a praza de Picoutiños para que funcione como área recreativa e de esparexemento, fomentado a actividade social e cultural e tratando de convertela nun lugar apracible para os veciños, o que redundará na mellora da calidade de vida da súa poboación.

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Cómpre lembrar que esta actuación é a quinta comprometida no Concello de Cartelle ao abeiro do chamado Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo de hoxe enmárcase na continuada colaboración entre a Xunta e as entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como o Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao se converteren en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DUN TERREO POR PARTE DO CONCELLO PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE BECERREÁ**

- O Concello achega de xeito gratuíto unha parcela que supera os 2.600 metros cadrados para construír unha nova infraestrutura de atención primaria case catro veces máis ampla
- O novo centro de saúde mellorará a calidade dos servizos sanitarios na comarca dos Ancares e substituirá o actual, cuxa construción data do ano 1992
- Desde o ano 2009, a Xunta investiu máis 158 millóns de euros na construción ou reforma de centros de saúde

A Xunta aceptou a cesión gratuíta dunha parcela por parte do Concello de Becerreá para que a Consellería de Sanidade constrúa un novo centro de saúde neste municipio lucense, que aumenta en case catro veces a súa superficie.

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construción do novo centro de saúde do municipio, feita a título gratuíto polo Concello de Becerreá a favor do Servizo Galego de Saúde.

Situado na rúa Volta Folgueiras, o terreo conta con 2.659 metros cadrados de superficie e permitirá a construción dunha nova infraestrutura sanitaria de atención primaria, dun espazo estimado de 2.000 m<sup>2</sup>. Así, optimizaranse as prestacións sanitarias para as máis de 2.800 persoas que contan cunha tarxeta sanitaria adheridas ao actual centro de saúde.

Ademais da poboación de Becerreá, o Punto de Atención Continuada (PAC) e os servizos de apoio deste centro sanitario (fisioterapia e saúde bucodental) atenderán tamén a poboación dos concellos de Cervantes, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais e Navia de Suarna, acadando neste caso preto de 7.000 usuarios.

A futura infraestrutura substituirá o actual centro de saúde de Becerreá, un inmovible cuxa construción data do ano 1992 e cuxas dimensións e espazos comezan a ser insuficientes, de acordo co paulatino incremento da carteira de servizos que se vén producindo nos últimos anos.

O futuro centro de saúde mellorará dun xeito considerable a funcionalidade e a accesibilidade para os seus usuarios e profesionais. O equipamento sanitario disporá como novidade de 1 consulta de traballo social, 1 consulta de hixienista, 1 sala de técnicas, 1 sala polivalente e 1 sala de docencia, ademais das actuais 3 consultas de medicina, 3 consultas de enfermaría, 1 sala de toma de mostras, 1 consulta de pediatría e outra de enfermaría pediátrica, 1 consulta de matrona, 1 consulta para o programa da muller, 1 sala de docencia e 1 consulta de odontoloxía, ademais dunha consulta de fisioterapia e ximnasio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe ao Punto de Atención Continuada, a previsión é que o PAC dispoña dunha nova sala de observación e box para críticos, 2 consultas de medicina (unha máis que no actual centro) e tamén 1 consulta de enfermaría.

Así mesmo, modernizaranse e melloraranse as áreas de radioloxía e os espazos destinados ás tarefas de xestión.

Desde o ano 2009, a Xunta construíu ou reformou un total de 135 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 85.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as 4 que están actualmente en marcha (O Porriño, Moaña, o CIS Lalín e comarca de Deza e o CIS Olimpia Valencia en Vigo). No seu conxunto, a Administración autonómica investiu nos últimos 14 anos máis de 158 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DARÁ PRIORIDADE ÁS ESPECIALIDADES MÁIS DEMANDADAS POLAS EMPRESAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA FORMAR ATA 18.000 PERSOAS SEN EMPREGO**

- O Consello do Goberno galego autorizou a convocatoria 2024-2025 deste programa que busca flexibilizar a oferta formativa para adaptala á demanda real do mercado e que se reforza cun 8,5% máis de investimento, ata chegar aos 76 millóns de euros
- Así, potenciaranse aquelas especialidades máis requiridas polas empresas galegas e polas persoas traballadoras, facilitando o acceso do alumnado aos cursos para favorecer a formación para o emprego co reto de dar cobertura ás vacantes existentes
- Tamén como novidades, o alumnado sen a titulación necesaria para acceder a un curso poderá formarse dun xeito simultáneo e, ademais, habilitase a posibilidade de estudar un curso completo ou módulos específicos, dentro da aposta pola flexibilización
- As especialidades formativas prioritarias considéranse para toda Galicia e tamén por bisbarras concretas, potenciando as máis precisadas para axustar oferta e demanda e avaliando a súa empregabilidade
- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina este ano 117 millóns de euros ao Plan galego de formación -un 12,9% máis que en 2023- para continuar impulsando unha cualificación dual e flexible

A Xunta continúa a reforzar a formación para o emprego co reto principal de axustar as accións formativas aos perfís que demanda o tecido produtivo galego e de dar resposta, deste xeito, ás 15.000 vacantes que existen no mercado de traballo galego, apostando pola súa flexibilización tanto no . Para iso, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración incrementará nun 8,5% o orzamento das axudas destinadas ás entidades de formación co gallo de impartir cursos para desempregados na convocatoria 2024-2025, alcanzando os 76 millóns de euros, o investimento máis alto dos últimos 15 anos. Con este presuposto aspírase a cualificar unhas 18.000 persoas sen emprego.

Para optar a estes apoios darase prioridade ás especialidades máis demandadas polas empresas galegas, revisándose e modificándose esta relación de materias formativas consideradas como prioritarias polo Goberno galego, ademais de avaliarse a súa empregabilidade. É un listado feito en base ás necesidades detectadas nos diferentes sectores produtivos e ás peticións rexistradas nas oficinas de emprego polas persoas traballadoras.

Entre os perfís que están a ser máis requiridos polas empresas e polos traballadores destacan os vinculados coa atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, auxiliares de servizos administrativos e xerais, transporte sanitario, actividades auxiliares de almacén ou operacións básicas de cociña, entre outros.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas especialidades formativas prioritarias considéranse por bisbarra ou a nivel de Galicia e, ademais de estar coordinadas co tecido produtivo galego, contan cun estudo elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en colaboración co Observatorio de Prospectiva do Mercado de Traballo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

### **Formación axustada ás demandas do mercado laboral galego**

Cando se detecta demanda dunha formación concreta que impacta nun número elevado de comarcas, a priorización será para toda Galicia; e cando existe unha forte demanda focalizada nunha ou máis bisbarras concretas, pero que non está xeneralizada para todo o territorio, prímase a impartición desas especialidades formativas naquelas zonas específicas nas que se detectou a necesidade. Así, por exemplo, a especialidade de actividades auxiliares de almacén está priorizada para toda Galicia, mentres que a especialidade de operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo é prioritaria nas comarcas da Coruña, O Morrazo e Vigo.

O obxectivo da iniciativa -que conta co financiamento dos fondos finalistas do Estado repartidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes- é axustar a oferta de formación á demanda real do mercado, potenciando aquelas especialidades máis requiridas polas empresas e polas persoas traballadoras.

Os apoios autonómicos da convocatoria que se aprobou hoxe no Consello da Xunta van dirixidos de xeito prioritario ás persoas desempregadas, aínda que tamén poden participar nos cursos as persoas traballadoras ocupadas ata un límite do 30% das prazas, sempre e cando non se cubran con persoas sen emprego.

### **Máis flexibilidade, tamén para o alumnado**

Esta nova convocatoria tamén presenta importantes novidades no referido ao acceso do alumnado aos cursos. Por vez primeira, non se esixirá ter a titulación precisa para un curso de xeito previo, permitindo formarse en paralelo. Isto quere dicir, na práctica, que un alumno sen Bacharelato que desexe estudar un grao C de nivel 3 -a efectos académicos, equivalente a ese nivel educativo- poderá estudar, á vez, o curso formativo e as competencias claves precisas para obter este certificado profesional.

Ademais, tamén como novidade, o alumnado poderá estudar un curso completo ou módulos específicos incluídos nun certificado profesional, dentro da aposta da Xunta por flexibilizar ao máximo a formación e axustala ás necesidades de empresas e traballadores.

Poden ser beneficiarias destas axudas as entidades e centros de formación que, na data de entrada en vigor da correspondente convocatoria, estean acreditados ou, de ser o caso, inscritos para impartir en Galicia as ofertas formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos B e C (correspondentes á obtención dos certificados de competencia e profesionais) e/ou as competencias clave para as cales se soliciten as axudas, xa sexa na modalidade presencial ou virtual.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta, a través desta actuación, aspira a incrementar as oportunidades laborais das galegas e dos galegos co obxecto de manter e aumentar o emprego de calidade, para o que é preciso ofrecer unha formación para o emprego tamén de calidade, renovándoa constantemente co gallo de adaptala ás demandas do mercado laboral. Esta convocatoria de axudas enmárcase no Plan galego de formación para o emprego da Xunta ao que se destinan este ano 117 millóns de euros -un 12,9% máis que no exercicio anterior- para continuar impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo e do mercado laboral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA UN PROXECTO PILOTO DE EMPRENDEMENTO E COLIVING PARA ATRAER NÓMADES DIXITAIS E FIXAR POBOACIÓN NO RURAL

- O Consello do Goberno galego deu luz verde á sinatura dun convenio para desenvolver a iniciativa Ficar, a primeira deste tipo que se promove en Galicia e que se levará a cabo coa asociación Sende, que xestiona en Lobeira o primeiro *coliving* de Europa
- Con ela crearase unha comunidade de 60 persoas de áreas multidisciplinares, entre elas educadores, deseñadores e ilustradores, arquitectos, programadores, veciños, artesáns, enxeñeiros, escritores, músicos, actores e estudantes
- Fomentaranse visitas destas persoas en estadias de 15 días nos *coliving* de Sende (Lobeira), Anceu (Ponte Caldelas) e Islow (O Piñeiro - Laxe), onde afondarán no espírito do *coliving* rural, recibirán mentorización e traballarán en impulsar os seus negocios
- Grazas ao espazo de Sende, máis de 4.000 persoas aloxáronse desde o ano 2013 na aldea de Senderiz, entre elas traballadoras de empresas e entidades internacionais
- O convenio enmárcase no compromiso da Xunta co emprendemento no rural, que vén de ser recoñecido co premio á Rexión emprendedora europea 2025, polo labor á hora de potenciar proxectos de vida que contribúan a fixar poboación nas catro provincias

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio coa Asociación Cultural Sende para poñer en marcha o proxecto piloto de coliving Ficar, co fin de impulsar o emprendemento no rural, atraer traballadores de alta cualificación -nómades dixitais-, fixar poboación e crear riqueza. Trátase da primeira actuación destas características que promove a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración xunto con Sende, entidade que xestiona no concello ourensán de Lobeira o primeiro espazo *coliving* de Europa e que conta con ampla experiencia neste ámbito.

Deste xeito, o Goberno galego avanza na súa aposta polo emprendemento no rural e na creación de comunidade na Galicia non urbana a través de espazos de experimentación para novos negocios ligados ao territorio e nos que os emprendedores poidan testar os seus produtos ou servizos. Unha aposta que vén de ser recoñecida co premio á Rexión emprendedora europea 2025, polo labor de Galicia á hora de potenciar proxectos de vida que contribúan a fixar poboación nas catro provincias.

Con esta iniciativa piloto crearase unha comunidade de 60 persoas vencelladas con áreas multidisciplinares, entre eles emprendedores sociais, educadores, nómades dixitais, deseñadores e ilustradores, arquitectos, programadores, analistas de datos, artesáns, enxeñeiros, escritores, músicos, actores, estudantes e veciños. A selección destas persoas realizarase a través dunha convocatoria á que se dará difusión a través dos polos de emprendemento, e para impulsar o sentido de comunidade empregárase a aplicación *WhatsApp*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desas persoas que formarán a comunidade, 30 serán embaixadores, é dicir, persoas ou familias emprendedoras que xa viven nas aldeas, pero necesitan unha comunidade e axuda para escalar o seu negocio desde o rural. Outras 30 persoas serán locais e desempregadas que desexan emprender e vivir na súa aldea.

Dentro do proxecto Ficar traballarase coa comunidade en tres fases. A primeira é a de promover visitas destas persoas en estadias de 15 días nos *coliving* de Sende (Lobeira), Anceu (Ponte Caldelas) e Islow (O Piñeiro - Laxe). Nelas, os participantes afondarán no espírito e na filosofía do *coliving* rural, recibirán mentorización, construírán a súa rede e traballarán en impulsar os seus negocios. Deste xeito, búscase conxugar as oportunidades que ofrecen estes espazos co compromiso comunitario, coa tecnoloxía e cos beneficios do rural galego.

En canto á segunda fase, nela proporcionaráselle apoio continuo a esta comunidade a través dun grupo especial en liña para axudalos en aspectos relacionados coa vida na aldea. A terceira fase consistirá en organizar xuntanzas presenciais cada mes, permitindo que os 60 participantes se encontren e fortalezan o sentido de comunidade.

### **O espazo *coliving* de Sende**

A Asociación Cultural Sende xestiona un espazo de *coworking* e *coliving* rural na aldea de Senderiz, no concello ourensán de Lobeira. Está constituído por casas rurais galegas con oficinas e xardíns onde as persoas interesadas poden traballar no seu proxecto. Grazas a el aloxáronse neste lugar desde o ano 2013 máis de 4.000 persoas de máis de 60 países. Moitas delas son nómades dixitais que traballan para empresas e entidades internacionais. Deste xeito, promóvese que convivan empresas nativas dixitais con empresas físicas que teñen unha importante actividade dixital, así como a aprendizaxe conxunta.

Isto converte a Sende nunha entidade que conta con persoas con experiencia acreditada en distintos proxectos e adecuadas para pilotar, xunto con Anceu e iSlow, o proxecto Ficar e avanzar a través del no desenvolvemento da cultura emprendedora no rural galego, con espazos de convivencia como os *coliving*.

### **Aposta polo emprendemento**

O convenio entre a Xunta e Sende conta cun importe de 123.800 euros e está financiado pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Enmárcase no programa anual de actividades do futuro Centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego da Comunidade Autónoma Galicia.

Esta colaboración forma parte das actividades que desenvolve a Xunta dentro das políticas activas de emprego para fomentar o emprendemento en Galicia. Trátase dunha área á que nos orzamentos de 2024 se destinan 30,6 millóns de euros, case un 52% máis ca no 2023. Outras actuacións neste eido son a creación da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego para favorecer a iniciativa empresarial en Galicia, a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

elaboración da Estratexia do emprendemento que se implementará de xeito coordinado con todos os axentes implicados, a Estratexia de impulso ao emprego autónomo 2027 e a Estratexia da economía social Horizonte 2027.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA A MÁXIMA CALIDADE DOS PRODUTOS DA CADEA MAR-INDUSTRIA CUNHA NOVA EDICIÓN DAS *FOODTRUCKS* INCLUÍDAS NA CAMPAÑA 'GALICIA SABE AMAR'

- Con esta iniciativa perséguese revertir o descenso, cada vez máis preocupante dende o punto de vista da saúde e da economía, do consumo de alimentos pesqueiros e acuícolas, así como potenciar o sector e o comercio de proximidade
- A nova campaña de rutas gastronómicas por Galicia terá unha duración de 20 meses e un orzamento de máis de 1,2 millóns de euros, cofinanciados nun 70% polo FEMPA
- Na primeira edición, 376 concellos e 350.000 persoas de toda a xeografía galega e parte da española degustaron algúns dos pinchos realizados a base de produtos certificados do mar e da terra

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao contrato para reforzar a máxima calidade dos produtos que o complexo mar-industria galego ofrece aos consumidores, cunha nova edición das *foodtrucks*, incluídas na campaña *Galicia sabe AMAR*. Deste xeito, o departamento que dirixe Alfonso Villares, motivado pola grande acollida da primeira edición, desenvolverá un novo programa de rutas gastronómicas por Galicia utilizando o mesmo modelo. O contrato ten unha duración de 20 meses e está dotado cun orzamento que supera os 1,2 millóns de euros, cofinanciados nun 70% a través do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA).

Este servizo consistirá na realización de degustacións de alimentos do mar maridados con outros da terra e de condición diferenciada ou marcas de calidade. As catro *foodtrucks* seguirán diferentes rutas, centrándose nos principais núcleos urbanos de Galicia, preferentemente en concellos de máis de 1.000 habitantes. Nos lugares de maior poboación e máis demanda cidadá, a furgoneta poderá permanecer ata 3 días. O número mínimo de degustacións totais será de 600 en 2024, e 800 en 2025. A campaña estará apoiada con distinto material promocional sobre os beneficios que ten para a saúde o consumo de peixe.

E é que, precisamente, un dos obxectivos que se persegue con esta iniciativa, iniciada en 2023, é revertir o elevado descenso de inxesta de produtos pesqueiros e acuícolas, co conseguinte risco que isto ten para a cadea alimenticia e tamén para o emprego de rexións, como Galicia, que teñen unha alta dependencia da pesca.

Na nosa comunidade, e segundo fixo público a comezos de 2024 a Patronal de Peixerías (Fedepesca), a perda no consumo de peixe fresco nos fogares foi dun 34,24%, cunha caída de 4,19 quilos por persoa e ano, pasando de 12,2 a 8,01 quilos. No caso do conxelado, este pasa de 3,1 quilos persoa/ano a 1,98 en dez anos, o que supón un descenso do 36,33% nunha década. A mesma patronal sinala que os fogares españois reduciron a compra de produtos pesqueiros un 3,3%, diminuíndo a demanda tanto de peixe (-3,6%) como de mariscos, moluscos e crustáceos (-8,9%). Asemade, a contracción

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

destes tres últimos no último exercicio foi do 11% en volume, sendo transversal tanto ao fresco, -10,2%, como ao conxelado, -12,6%, e cocido -9,4%. As conservas de peixe tamén viron reducido o seu volume no ano móbil un 5,7%.

Por este motivo, a través deste programa os destinatarios serán informados sobre a importancia social e económica do sector do mar; porase en valor a actividade da pesca e o marisqueo en Galicia; promoverase unha xestión sustentable dos recursos tanto dende o punto de vista económico como ambiental e social; e garantirase a rastrexabilidade dos produtos pesqueiros e a súa seguridade alimentaria.

### **376 concellos, 350.000 persoas**

As *foodtrucks* de *Galicia sabe AMAR* arrancaron cunha presentación, o 15 de febreiro de 2023, na praza do Obradoiro de Santiago. Ao acto asistiu, entre outras autoridades, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, convertendo así a capital galega no punto de partida das rutas, que visitaron 376 concellos vinculados ao Camiño de Santiago por toda España e achegaron a calidade dos produtos do mar a 350.000 persoas, completando un percorrido de máis de 6.000 quilómetros de ruta en total.

Nas paradas realizadas, as *foodtrucks* permaneceron, dependendo do concello, entre un e tres días, ofrecendo en degustacións de mediodía e tarde algún dos 10 pinchos elaborados con produtos certificados do mar e da terra de Galicia, como son o berberecho de Noia, o bonito do norte, o mexillón de Galicia ou os peixes e mariscos co selo de identidade e calidade para a promoción e defensa dos nosos peixes e mariscos procedentes da frota artesanal galega, "pescadeRías de onde se non?". Xunto con eles presentáronse outros produtos da terra con selos de calidade diferenciada, como as fabas de Lourenzá, o mel de Galicia, os pementos de Arnoia e Herbón, os queixos de Arzúa-Ulloa ou O Cebreiro, o pan de Cea ou as patacas.

A primeira das catro rutas gastronómicas partiu de Santiago de Compostela e rematou en Irún, tras percorrer cidades como A Coruña, Ferrol, Xixón, Santander, Bilbao e San Sebastián. A segunda iniciouse en Ferrol e pasou por Lugo, León, Astorga, Burgos e Logroño, antes de finalizar en Pamplona. A terceira *foodtruck* tivo como principais paradas Pontevedra, Vigo, Ourense, Zamora, Salamanca, Cáceres, Mérida e Sevilla. E, por último, o cuarto itinerario pasou por Ourense, Valladolid, Segovia, Madrid, Toledo e Albacete e rematou en Valencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 800.000 EUROS O FOMENTO DA INNOVACIÓN, A MELLORA TECNOLÓXICA E A COMPETITIVIDADE DO SECTOR ACUÍCOLA GALEGO**

- Poderán beneficiarse destas achegas autonómicas proxectos de I+D+i que implicarán a introdución de tecnoloxías que permitan incrementar a produción atendendo a criterios de sustentabilidade da actividade
- Nesta convocatoria duplicase o importe desta liña de axudas respecto ao 2023 e que están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa)

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria de axudas para fomentar a innovación, a mellora tecnolóxica e a competitividade do sector acuícola por importe de 828.571 euros, que están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa). Deste xeito duplícanse os recursos mobilizados no ano 2023 co obxectivo de reforzar o financiamento de proxectos que permitan desenvolver coñecementos científicos, técnicos ou organizativos nas explotacións acuícolas que reduzan o impacto no ambiente, avalíen os efectos e a adaptación ao cambio climático e melloren o aproveitamento do espazo.

Búscase tamén facilitar o desenvolvemento de novos métodos de produción sustentable e a incorporación de melloras nas especies (xenéticas ou fisiolóxicas), así como avances na área da rastrexabilidade. O estudo da viabilidade técnica e económica de produtos procesos e servizos innovadores ou a introdución de novas especies no mercado son outros dos campos que son obxecto destas subvencións.

Serán beneficiarias destas achegas empresas e entidades asociativas dedicadas á realización de calquera das fases de explotación de cría, cultivo ou reprodución e que leven a cabo iniciativas no ámbito da innovación en colaboración con organismos científicos ou técnicos. Así se promove un maior grao de integración entre o sector produtivo e os centros de coñecemento, ampliando as posibilidades de incorporar novos investigadores no ámbito das ciencias mariñas, en que Galicia é referente.

A orde ten carácter plurianual polas características dalgúns dos proxectos que son subvencionables e que precisan máis dun ano para a súa completa execución. Este ano mobilizaranse 428.571 euros, e os restantes 400.000 euros en 2025. As contías das axudas poden alcanzar o 100% da financiamento cando se trate de iniciativas que sexan de interese e presenten un beneficiario colectivo á vez que teñan características innovadoras ou que garantan o acceso público aos seus resultados.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO PARA EXECUTAR UNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA ESTRADA AC-862 COA AC-115 EN XUVIA, NO CONCELLO DE NEDA**

- A actuación suporá un investimento autonómico de máis de 405.000 M€
- Trátase de reformar a intersección actual, con forma de "T", nestas dúas vías autonómicas para aumentar a seguridade, a funcionalidade e a imaxe urbana da zona
- A rotonda incrementará a fluidez do tráfico, que actualmente está regulado por semáforos que permiten todos os xiros e provocan demoras na circulación
- A nova glorieta tamén facilitará a incorporación á estrada AC-862 desde un camiño estreito, mellorando así a visibilidade
- A Xunta someterá nas vindeiras semanas o proxecto a información pública, con efectos expropiatorios, co obxectivo de poder licitar e executar as obras xa en 2025

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación provisional do proxecto para executar unha nova glorieta na intersección da estrada AC-862 coa AC-115 en Xuvia, no concello de Neda.

Esta actuación conta cun investimento do Goberno galego estimado en máis de 405.000 euros, e ten como obxectivo reformar a intersección existente entre estas dúas vías autonómica co fin de incrementar a seguridade viaria, a funcionalidade e tamén suporá unha mellora de calidade e a imaxe urbana da zona.

Na actualidade a intersección existente, con forma de "T" e con todas as posibles opcións de xiro pola actual configuración dos semáforos, causa demoras na circulación. Ademais, nesta encrucillada tamén hai unha incorporación dun camiño estreito á estrada AC-862, que pode ver mellorada a visibilidade.

En concreto, a actuación definida no proxecto avaliado hoxe polo Executivo autonómico céntrase na reforma da intersección entre as estradas AC-862 no seu punto quilométrico 7+280 de xeito aproximado, e a estrada AC-115.

É necesario destacar que os contornos da encrucillada actual condicionan notoriamente as posibilidades de deseño da glorieta, dado que a definición xeométrica en planta vén marcada pola localización de edificacións con beirarrúa e pola posición dos eixes actuais das estradas.

Por iso, no proxecto téñense en conta actuacións sobre os distintos viarios da contorna. Xa no detalle, deséñase a glorieta na AC-862 e AC115 cunha circunferencia de raio de 16 metros no anel exterior da calzada, e 8 metros de diámetro no anel interior, que será de formigón cunha pequena zona verde interior.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actuarase, ademais, nos treitos de acceso e saída da glorieta da AC-862 e AC-115, nos que se realizarán adaptacións pola implantación da glorieta. O treito afectado da AC-862 é entre os puntos quilométricos 7+204 e 7+418; o treito afectado da AC-115 é entre os puntos quilométricos 4+640 e 4+706.

Tamén se intervirá nos entroncamentos da vía local á glorieta, onde é especialmente relevante o enlace con seguridade do camiño que entronca actualmente con visibilidade deficiente na AC-862.

### **Situación da nova glorieta**

Dadas as características da actuación, unha das maiores dificultades é o correcto encaixe da glorieta en canto á pendente, así como das vías que conflúe nela. Así, no proxecto redactado definiuse para todas as vías descritas un trazado en alzado que realiza un axuste progresivo nos abanos de enlace coa glorieta.

Cómpre destacar que con esta intervención se resolve tamén a continuidade dunha beirarrúa accesible ao longo da AC-862, na súa marxe esquerda. No día de hoxe hai un treito sen beirarrúa, e esta situación resólvese coa obra que se proxecta, cunha nova beirarrúa dun largo mínimo de 1,80 metros.

A configuración viaria proxectada tamén permite a conformación dunha zona verde no entroncamento do camiño municipal.

Agora, tras o acordo de hoxe do Executivo autonómico, nas vindeiras semanas someterase ao trámite de información pública o proxecto, por un prazo dun mes.


Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións e tamén para os efectos expropiatorios, xa que coa intervención se afecta un predio particular cunha superficie de 806 m<sup>2</sup>.

A previsión da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é poder aprobar o proxecto a finais deste ano, para xa no primeiro trimestre de 2025 realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e licitar a execución das obras. O prazo para a realización dos traballos é de 5 meses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS




*Imaxe da encrucillada, desde a AC-862*



*Glorieta na intersección da AC-862 coa AC-115 en Xuvia*



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



*Implantación da nova glorieta e dos novos firmes. Á dereita da imaxe vese a nova beirarrúa*



*Treito no que se propón habilitar a nova beirarrúa*

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PRIORIZA A GARANTÍA DOS DEREITOS DOS PACIENTES NO PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS 2024-2027**

- Reforzarase a inspección de servizos, centros e establecementos sanitarios, o control da situación de incapacidade temporal en colectivos con elevado índice de absentismo e a avaliación do transporte sanitario para garantir servizos de calidade
- Con este novo plan a Consellería de Sanidade fomenta a mellora continua do sistema sanitario para ofrecer unha mellor resposta ás necesidades da cidadanía

O Consello da Xunta tomou conta na súa reunión de hoxe do informe sobre o Plan de inspección de servizos sanitarios para o período 2024-2027, que establece as liñas de actuación dos efectivos de inspección da Consellería de Sanidade para os próximos catro anos.

A actividade da Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios supón unha garantía dos dereitos de pacientes e usuarios atendidos no sistema sanitario. Isto conséguese a través do control e supervisión das prestacións e actividades sanitarias, así como da avaliación dos centros, servizos e establecementos sanitarios públicos, concertados e privados e, en definitiva, unha garantía de eficiencia, calidade e seguridade na asistencia sanitaria dispensada á cidadanía.

Para avanzar nese obxectivo, o plan marca como aspecto prioritario a tutela dos dereitos sanitarios dos pacientes, con especial atención á tramitación de reclamacións e suxestións presentadas pola cidadanía en relación coa asistencia sanitaria recibida e coas condicións de funcionamento dos centros, servizos e establecementos sanitarios.

Igualmente, priorizaranse as auditorías de xestión dos centros sanitarios privados concertados co Servizo Galego de Saúde para garantir unha asistencia sanitaria de calidade.

As novidades que recolle o novo plan son as seguintes: avaliar a xestión do transporte sanitario, revisar o cumprimento dos requisitos técnico-sanitarios de centros de medicina estética, centros de reprodución humana asistida e actividades realizadas coa utilización de células e tecidos, e, no ámbito dos medicamentos e produtos sanitarios, controlar os requisitos para a preparación e entrega de medicamentos en sistemas personalizados de dosificación.

Outro aspecto relevante do servizo de inspección serán as actuacións que melloren factores asistenciais ou non asistenciais que inciden na prolongación innecesaria de procesos de incapacidade temporal (IT), centrada en colectivos con elevado índice de absentismo que superen a duración estándar.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o Plan de inspección de servizos sanitarios para o período 2024-2027 complementa outras actividades de inspección responsabilidade da Consellería de Sanidade como as levadas a cabo pola Inspección de Saúde Pública. Nese caso, son o garante para a cidadanía da protección dos riscos derivados de factores ambientais. Estas inspeccións realízanse nos ámbitos da seguridade alimentaria e da saúde ambiental para verificar o cumprimento da normativa dos establecementos alimentarios e doutras actividades relacionadas coa auga de consumo humano, as augas recreativas ou os produtos químicos, entre outras.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA PRETO DE 30 ACTIVIDADES DIARIAS ESTE VERÁN NUNHA NOVA EDICIÓN DE CULTURON

- O Consello dá o seu visto e praxe ao informe que engloba a programación estival con propostas de interese cultural distribuídas por toda Galicia
- O obxectivo da campaña é achegar a cultura a todo o territorio, especialmente ao rural, e a todo tipo de público, cunha oferta descentralizada e diversificada
- O programa abrangue proxectos propios do Goberno galego e outros en colaboración coas administracións locais e entidades privadas
- Preséntanse accións moi variadas, que van desde as artes escénicas, a música, a maxia ou a produción audiovisual ata os museos, bibliotecas ou patrimonio

A programación de verán impulsada pola Xunta de Galicia en colaboración con administracións públicas e entidades privadas contará este ano cunha media de preto de 30 actividades diarias. Así, hoxe o Consello da Xunta de Galicia deu conta do informe que abrangue todas as propostas de interese cultural que entre os meses de xuño e setembro se estenderán por toda a Comunidade baixo o lema *Chega a Galicia CulturON 2024 para encher o verán de cultura*.

O programa, que dá continuidade á campaña iniciada en 2023 e que estivo vixente durante todo o ano, engloba todo o sector cultural pois conta tanto con proxectos propios da Administración autonómica como con colaboracións con diferentes institucións. Así, a Xunta asume un papel proactivo na xeración de contidos poñendo o foco en todo tipo de público, desde a mocidade e as familias á xente de maior idade, e chegando a todo o territorio, con especial atención ao rural.

Ao abeiro desta iniciativa, o Goberno galego aposta pola inclusión e a accesibilidade con presenza en gran parte dos municipios galegos, poñendo o foco especialmente nas zonas máis rurais, en liña cos obxectivos da futura Rede Adival e da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Deste xeito, e co obxectivo de atender as necesidades e intereses de toda a poboación, diversifica a súa oferta, desde grandes eventos a outros de pequeno formato. Trátase dunha programación que fai especial fincapé en manter os lazos de unión coa tradición, promovendo iniciativas con arraigo local e na cultura popular.

Nos vindeiros días vaise pór en marcha en medios de comunicación e redes sociais a campaña *CulturON* para informar da oferta e chegar á maior cantidade de poboación posible, incorporando recomendacións diarias e resumos semanais. Ademais, a programación pode consultarse na [Axenda de Cultura de Galicia](#).

#### **Unha oferta diversificada e descentralizada**

Coa premisa de apoiar as iniciativas das industrias creativas e culturais galegas e de promover a creatividade e a diversidade cultural en todas as súas facetas, desde a Xunta de Galicia facilítase con esta campaña a programación de actividades por todo o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

territorio. Tamén se lle dá pulo a multitude de expresións artísticas cunha tipoloxía de propostas moi variada que teñen que ver coas artes escénicas, a música, o patrimonio cultural, a danza, os museos, a literatura, a maxia, a produción audiovisual ou o público infantil, entre outras moitas disciplinas.

Deste xeito, prográmanse case 550 actividades no marco dos distintos festivais que se celebran en moi diversas localidades (de narrativa, teatro, música...) con algunhas citas de especial relevancia como son as englobadas no Fest Galicia ou a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Ademais, súmanselle os máis de 800 eventos vencellados a circuítos de danza, maxia, música, espectáculos de rúa, novo circo ou literatura, que farán fincapé nas zonas rurais. Cómpre salientar neste senso o programa *Cultura no Camiño*, centrado na Ruta Xacobeá, ou o calendario das feiras do libro.

### **Música e artes escénicas**

Un dos piares fundamentais da programación cultural de verán é a música en todos os seus xéneros. Así, os eventos previstos van desde a lírica aos sons máis tradicionais e concertos de moi diferentes estilos. O *CulturON 2024* contará con máis de 200 citas musicais repartidas por todo o territorio con actuacións de grupos como Fillas de Cassandra, Carlos Núñez ou Budiño. Cómpre lembrar o xa consolidado festival *Atardecer no Gaiás*, que volve aos espazos exteriores da Cidade da Cultura cun cartel de 16 artistas entre xullo e agosto na que é a súa decimocuarta edición.

Os meses de verán preséntanse tamén como unha oportunidade de visibilizar proxectos de artes escénicas de gran calidade, eido no que o principal protagonista é o Centro Dramático Galego, a unidade teatral da Xunta que este ano celebra o seu 40º aniversario e que ofrece máis de 200 funcións. Outras citas importantes son o ciclo de Danza 3 ou o Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán.

### **Museos e bibliotecas**

Os museos e as súas exposicións xogan un papel fundamental nesta época estival, en que se poderá gozar dunha trintena de exposicións con moi variadas temáticas e que mostran o mellor das nosas artes visuais. Algunhas delas son *Lamazares. Aínda é día*, dispoñible no CGAC ata o 1 de setembro, *Pontevedra no tempo*, que se inaugurará proximamente na sede de Afundación de Pontevedra, ou *Unha vida vikinga*, que se poderá ver no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura.

Pola súa banda, os centros da Rede de bibliotecas públicas que coordina a Xunta supoñen un espazo esencial no que pasar un bo tempo de lecer, aprendendo, divertíndose e conciliando con variedade de recursos para todas as idades. Neste sentido, dentro das 300 propostas hai que destacar o servizo *A furgoteka*, que achega estas opcións a un gran número de municipios das provincias de Lugo e Ourense, e o programa de dinamización da lectura *Ler conta moito*, que ofrece recursos lúdicos para fomentar o hábito lector entre a cidadanía.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste marco tamén se desenvolve o Plan corresponsables cultura, un programa de conciliación para as familias a través de recursos culturais nos arquivos, bibliotecas e museos, centrados en despertar a curiosidade pola cultura nas idades máis temperás con campamentos, obradoiros ou biblioteatros. En total contabilízanse unhas 300 actividades englobadas nesta iniciativa.

### **Lingua e creación**

Promover o uso e a valoración positiva da lingua tamén é unha das claves da tempada de verán. Así, a través do programa *Falaredes* poranse en marcha máis de 40 actividades por toda Galicia.

Ademais, a programación complétase coas residencias creativas, espazos onde as persoas participantes poden desenvolver e compartir os seus coñecementos e proxectos e que ofrecen nestes meses ao redor de 100 actividades. É o caso das residencias literarias de San Simón e da Cidade da Cultura.